

En cuestión de roupa interior teño probado case de todo, dende La Perla –tres tangas e dous suxeitadores– ata Women’ Secret, pasando por Oysho, Calvin Klein e Intimissimi. Creo que os mellores suxeitadores que hai no mercado son os de Oysho, aínda que en tangas, culotes e pixamas prefiro variar e ir mercando o que máis me guste. Onte comprei un desa marca porque a miña nai regaloume un palabra de honor polo meu aniversario. Necesitaba un suxeitador sen tirantes para poder estrealo, porque o que tiña de Women’ Secret xa me estaba moi pequeno (merqueino a principios do ano pasado, cando levaba o talle oitenta). Pero non vexades o agobio que me entrou, porque tiveron que percorrer toda a cidade para atopar un que me sentase ben. Levo un noventa e cinco e acabo de facer quince anos, e nalgunhas marcas véxome obrigada a pedir o talle cen. Son de pouco lombo, pero teño demasiado peito para a miña idade. Iso quere dicir que cando collo un suxeitador do meu talle sempre me vai moi ancho, pero a copa quédame superbén.

En Oysho atopei o que necesitaba por só trece euros. Estou contentísima: a copa suxeita o peito e os aros quedan no seu sitio. O tecido é moi suave e de costas vaime perfecto. Contando o que merquei, agora teño seis suxeitadores desa marca. Este sen tirantes, outro que se ata ao pescozo para levar o lombo espido ao aire, un branco con enfeites nos bordos, un *push up* negro e un da liña Love is. O sexto é o primeiro suxeitador que tiven, un azul sen adornos do talle setenta e cinco. Xa non o poño, pero gárdoo de recordo. Sorpréndeme ver o peito que teño agora comparado con ese talle.

O mellor destes suxeitadores é que os aros non se moven nada, agarran moito e danlle unha forma preciosa ás tetas, que van subidas e perfectamente amarradas. O malo é que se gastan moi pronto. O suxeitador de Love is, que aínda non ten seis meses, xa non podo usalo. É unha mágoa, porque lle tiña moito cariño. Vaime un pouco pequeno, xa non é elástico e perdeu algo de cor. No que se refire a bragas desa marca, teño tres: unha de Snoopy culote preciosa, unha de Love is brasileira en conxunto co suxeitador, e un *boxer* rosa fucsia que merquei por seis euros. Como son de algodón e moi bonitas, gústanme moito e vou supercómoda.